



INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIA Á INSTRUCCIÓN DO 16 DE XULLO DE 2002, SOBRE TRAMITACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO.

1º.- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO (CAPÍTULO II)

A necesidade de mellorar a información que será usada na implantación da Contabilidade Analítica, cómpre dispor dun detalle máis pormenorizado dos gastos asociados a indemnizacións por razón do servizo que se imputan ao estado de gastos do orzamento da UDC.

O decreto 144/2001, de 7 de xuño (DOG 25 de xuño) aclara as diferenzas entre axudas de custo e gastos de viaxe:

"Clases de indemnizacións:

Artigo 8º

Un.- Axuda de custos é a cantidade que se devenga diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estada fóra da residencia habitual.

Dous.- Indemnización de residencia eventual é a cantidade que se devenga diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estada fóra da residencia oficial cando a comisión se prevexa de longa duración ou se prolongue necesariamente.

Tres.- Gastos de viaxe é a cantidade que se aboa pola utilización de calquera medio de transporte por razón do servizo."

Por todo o anterior, e por medio da presente Instrución, determínase:

A) As axudas de custo imputaranse ao concepto 230 e, segundo a relación coa institución da persoa que percibe a axuda, os seguintes subconceptos:

230.01 Axudas de custo PAS Funcionario

230.02 Axudas de custo PAS Laboral

230.07 Axudas de custo PDI Funcionario

230.08 Axudas de custo PDI Laboral

230.09 Axudas de custo Membros Consello Social

230.10 Axudas de custo Estudantes

230.11 Axudas de custo persoas alleas á UDC (imputaranse a este subconcepto a percepción de indemnizacións por razón de servizo de persoal alleo que correspondan a: asistencias por participación en tribunais de selección e a indemnización de persoal vinculado a outras administracións públicas -persoal funcionario ou laboral de plantilla nas administracións de procedencia-, sempre e cando nas súas administracións de orixe teñan dereito a ser indemnizados por razón de servizo, de acordo coa normativa reguladora).

B) O concepto para **gastos de viaxe** será o **231**, e segundo o beneficiario, se utilizarán diferentes **subconceptos**:

231.01 Gastos de Viaxe PAS Funcionario

231.02 Gastos de Viaxe PAS Laboral

231.07 Gastos de Viaxe PDI Funcionario

231.08 Gastos de Viaxe PDI Laboral

231.09 Gastos de Viaxe Membros Consello Social

231.10 Gastos de Viaxe Estudantes

231.11 *Gastos de Viaxe persoas alleas á UDC* (imputaranse a este subconcepto a percepción de indemnizacións por razón de servizo de persoal alleo que correspondan a: asistencias por participación en tribunais de selección e as indemnizacións de persoal vinculado a outras administracións públicas -persoal funcionario ou laboral de plantilla nas administracións de procedencia-, sempre e cando nas súas administracións de orixe teñan dereito a ser indemnizados por razón de servizo, de acordo coa normativa reguladora na materia.

O pagamento dos gastos derivados de desprazamentos que realicen as persoas alleas a esta universidade invitadas para impartir cursos, mestrados ou conferencias, efectuarase conforme ao regulado na Resolución Reitoral de 15/11/2013, da que se xunta copia no **anexo I**.

Para facilitar a contabilización das axudas, cando se empregue un mesmo xustificante de gasto (liquidación de axudas, é dicir, que englobe axudas de custo e gastos de viaxe), deberase empregar un documento contable multiaplicación, imputando a cada aplicación o importe que lle corresponde, segundo o sinalado anteriormente.

No anexo II que se acompaña, xúntase modelo de impreso de Indemnizacións por razón de servizo financiadas con cargo ao capítulo II do orzamento de gastos da UDC. Este modelo deberá utilizarse a partir da publicación desta Instrución.



2º.- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO CAP VI (CAPÍTULO VI)

Desagregación económica das indemnizacións por razón de servizo financiadas con cargo a proxectos de investigación estatais, autonómicos e europeos (Capítulo VI)

A xustificación dos gastos financiados con cargo a proxectos de investigación estatais autonómicos e europeos, require o cumprimento das condicións de xustificación esixidas polos organismos financiadores. No caso dos gastos correspondentes a indemnizacións por razón de servizo, cómpre proceder a desagregación en diferentes subconceptos. O detalle dos novos subconceptos é o seguinte:

- gastos de viaxe
- gastos de aloxamento
- gastos de manutención

Para cada un dos gastos imputados aos novos subconceptos (viaxe, aloxamento e manutención) deberá constar obrigatoriamente a seguinte información, no campo de texto libre do documento contable:

- nome e apelidos da persoa
- vinculación co proxecto
- motivo da comisión de servizo
- lugar destino (cidade; as comisións de servizo realizadas no estranxeiro deberán indicar tamén o país)
- itinerario
- datas de inicio e fin da comisión de servizo
- medio de locomoción utilizado
- data da actividade que motiva a comisión de servizo

A desagregación das indemnizacións por razón de servizo será a seguinte:

- **649.02.10 - gastos de viaxe**
- **649.02.11 - gastos de aloxamento**
- **649.02.12 - gastos de manutención**

A partir da publicación desta Instrución deixarase de utilizar para os proxectos de investigación a partida: 649.02.02 Axudas de custo. Gastos de viaxe e desprazamentos (dietas).

A apertura de partidas homólogas para convenios e contratos (640.00) ou axudas de investigación (649.00) efectuarase, caso de ser necesario, a petición do responsable da tramitación económica ou do negociado de asuntos económicos correspondente.

No anexo III que se acompaña, xúntase modelo de impreso de Indemnizacións por razón de servizo financiadas con cargo ao capítulo VI do orzamento de gastos da UDC e correspondente a financiamento alleo e finalista. Este modelo deberá utilizarse a partir da publicación desta Instrución.



3º.- TRAMITACIÓN TRANSITORIA DOS EXPEDIENTES DE GASTO AFECTADOS POR ESTA INSTRUCCIÓN

1º.- As **contías incorporadas** do exercicio anterior para gastos de viaxe en **fase D** correspondentes co **subconcepto 230.00** deberán ser redistribuídas para cumprir coa estrutura anterior.

2º.- No caso de **expedientes de gasto iniciados antes da publicación desta Instrución**, deberán efectuarse as redistribucións necesarias para que a imputación do expediente económico se efectúe de acordo cos criterios establecidos nesta Resolución.

A presente Instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura.

A Coruña, 18 de febreiro de 2015

O xerente



Juan M. Díaz Villoslada